

*Oitenta persoas asisten á xornada que se está a celebrar no CEIDA durante hoxe e mañá*

## **“As sinerxias do noso territorio forestal débense de aproveitar para crear emprego”**

- Asegurou Alfredo Suárez Canal, Conselleiro de Medio Rural durante o *Seminario Internacional de Usos sociais de parques periurbanos, xardíns botánicos e outras áreas forestais*

**Oleiros, 29 de abril de 2008.**- “As sinerxias do territorio forestal débense de aproveitar para crear emprego e riqueza pero sen esquencer a multifuncionalidade do monte, así tanto no que se refire ao aproveitamento da madeira, castaña, cogumelos, etc, como o fundamentado no paisaxismo ou na botánica”, asegurou o Conselleiro de Medio Rural da Xunta de Galicia, **Alfredo Suárez Canal**, esta mañá na inauguración do *Seminario Internacional Usos sociais de parques periurbanos, xardíns botánicos e outras áreas forestais* que se está a celebrar no Castelo de Santa Cruz, Oleiros, sede do CEIDA – Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia -.

Neste senso, Suárez Canal falou da importancia que teñen as zonas periurbanas para o departamento que el dirixe. “Falamos dunha zona de 73.000 hectáreas que pode ser usada por máis de 800.000 habitantes”, asegurou o conselleiro. Suárez Canal dixo que estas áreas constitúen “uns auténticos cintos verdes” que rodean espazos cunha importante actividade humana e que, na maior parte dos casos, son unha ferramenta para reducir a contaminación ou a lacra dos incendios forestais. Asemade, o conselleiro afirmou durante a xornada desta mañá que No acto de presentación do seminario internacional, que continúa esta tarde e mañá mércores, tamén estivo o Presidente da Fundación Juana de Vega, **Enrique Sáez Ponte**, e o Director do CEIDA, **Carlos Vales**. Vales asegurou que “as zonas forestais dentro das áreas periurbanas son unha boa ferramenta para a conservación da biodiversidade e tamén para traballar na conciencia ambiental de toda a sociedade”.

Despois da inauguración, os asistentes tiveron a oportunidade de coñecer distintos exemplos de xardíns botánicos. **Ana Casino Rubio**, Directora do Xardín Botánico de Xixón, foi a encargada de disertar sobre o espazo que ela dirixe. “Los visitantes no deben ser el objetivo del jardín botánico, sino un indicador”, asegurou Ana Casino.

Pola súa banda, **Maryane Vieira Saisse** falou das accións de educación ambiental que están a desenvolver no xardín botánico de Rio de Janeiro.

Esta tarde, Pepe Astiaso Laín disertará sobre o centro de educación ambiental de Polvoranca, en Madrid. A continuación, ás 17.15 horas, Nuno Gomes Oliveira, falará do Parque Biológico de Gaia, situado en Portugal.

Un saúdo,  
Área de comunicación do CEIDA